



Concello de Cuntis

BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

FAI SABER:

Que se están a producir de xeito contínuo o depósito de voluminosos e outros residuos xunto aos contedores de lixo ou en lugares inapropiados e fóra das datas de recollida establecidas polo Concello.

Esto supón non só unha mala imaxe para este senón que tamén ocasiona importantes danos ambientais .

O artigo 33.M da Ordenanza Xeral de Protección Medioambiental do Concello de Cuntis, no seu punto 2 dí:

f) os mobles e útiles domésticos poderán entregarse no Punto Limpo ou ser recollidos a domicilio trala solicitude dos posuidores nas datas, horarios e frecuencias que se sinalen polo Concello.

A recollida de voluminosos virase realizando como se vén facendo de xeito habitual os últimos xoves de mes previo aviso ao concello no número 986548005 ou nas propias oficinas deste.

Lembrarlle asimesmo que, cando vostede merca un colchón ou un electrodoméstico (*por exemplo*) o propio vendedor ten a obriga de recollerlle o vello e depositalo no centro autorizado xa que, no momento da compra xa vostede está a pagar unha taxa para a realización desa xestión.

Co cal, pregamos que sexan conscientes destes actos indebidos e que depositen estes residuos nos lugares autorizados.

En caso contrario e de continuar detectando estas condutas o Concello verase na obriga de sancionar con arreglo á ordenanza mencionada.

O que se informe aos efectos oportunos en Cuntis na data da sinatura dixital á marxe.

